

Oración da Mañá en Begonte



ME+

Acción de Grazas polo Ministerio de
Don Jesús Domínguez Guizán

Visita Pastoral do Bispo de Mondoñedo-Ferrol

Martes 20 de Xaneiro de 2026

Por onde empezar, para contar, sin ser pesados nin pelotas, a convivencia con unha persona durante a maior parte da nosa vida, non é doado, pero ímolo intentar. Queremos compartir con todos, unhas palabras escritas desde o agradecimiento e a experiencia personal o lado de D Jesús.

Para moitos D Jesús, o cura de Begonte, para outros o cura do Belén, pero para todos simplemente D Jesús, que formou e aínda forma parte da vida cristiá de moitos dos veciños desta comunidade. Dedicou a súa vida ao servizo da Igrexa e da comunidade de Begonte e as súas parroquias, exercendo o ministerio sacerdotal con entrega, humildade e cercanía. Durante décadas acompañou parroquias, familias, persoas de todas as idades, converténdose nun referente espiritual e humano moi querido e respetado.

Chegou aquí da man de seu irmán D José, sen ruidos, pero con un propósito de vida e de fe, a de traballar co pobo e polo pobo transmitindo uns valores profundos de respecto, amistad, cariño, sempre o amparo da Fe en Deus. Fose onde fose, sempre en activo, eso sí acompañado da súa sotana, si estaba no Belén construindo casiñas ou montando camiños de pedras, con sotana, as veces eso sí delatábase onde estaba polos restos de pintura, cemento, herba... pero eso era a proba de que se implicaba en todo o que facía ou propoñía.

Como profesor de relixión deixou unha fonda pegada en moitas xeracións de alumnos. Non só aprendimos contidos senón valores que él transmitía con palabras sinxelas, e sobre todo co seu propio exemplo: respecto, fe, compromiso e amor polos demais. Na clase de relixión además da sotana, en inverno sempre sempre levaba a súa chaqueta negra de lana. Cando estábamos co examen cruzaba as mans na espalda e andaba paseando pola clase sin querer ver si copiábamos ou non, pero dándose conta de todo. Era capaz de manter unida a unha clase de máis de 40 nenos e nenas inquietos, e conseguía que nos interesáramos pola fe, e polo verdadeiro significado da relixión. Eso sí, as veces sacaba o seu xenio, porque carácter tiña e aínda ten, pero boa falta lle facía para aturarnos a todos.

Da súa experiencia coñecemos o porqué de chamarlle a este colexio Virxe do Corpiño, da loita de conservar ese nome, tan unido a parroquia de Begonte. Con él vivimos todas as Semanas Santas no cole de maneira moi especial, moi sinxelo pero profundamente relixiosa, buscando a fórmula para que entendésemos o significado do sufrimento de Jesús na cruz.

O longo da súa vida tivo unha dedicación incansable nas parroquias, e tamén no Belén. Non o tivo fácil, xa que seu irmán deixoulle o listón moi alto, pero logrouno, co seu espírito constante e xeneroso. Grazas a él o proxecto non solo se consolidou senón que hoxe é coñecido máis aló de Galicia, facendo do belén un espacio de encontro, ilusión e transmisión de valores. Ca visita anual o belén desde o cole, conseguía que esa pequena excursión a pe fose toda unha aventura, baixabamos cantando villancicos, e

despois escoitábamos atentos a súa explicación do belén, onde nos animaba a atopar as novas figuras. E conseguíasele sacar un sorriso cos festivais que se celebraban no salón de actos do Belén.

Foi sempre un sacerdote cercano, discreto e coherente ca súa vocación, disposto a escoitar, acompañar e axudar sin moito ruído. Deunos un exemplo de fidelidade, entrega e amor por esta terra e a súa xente. Co tempo quedámonos cas celebracións solemnes, sin grandes luxos, pero con unha profunda transmisión da fe en Cristo e das súas vivencias espirituais.

Agora vémosto sin sotana, pero sigue sendo unha persona de profunda fe, que moitas veces nos acompaña na misa e incluso participa nalgunha parte dela. Isto tamén nos serve para dar as gracias a Oscar e Darío, que sempre teñen ansia de que esté ben na eucaristía e o fan partícipe dela. Moitas gracias Don Jesús polo que fixo nas nosas vidas, e gracias os novos párrocos por continuar con esta labor.